

Título: ESTUDO DOS FLUXOS FISCAIS DIRECTOS E INDIRECTOS ENTRE GALICIA E A ADMINISTRACIÓN CENTRAL. UNHA ANÁLISE A TRAVÉS DA BALANZA FISCAL BÁSICA E AMPLIADA E DOS FLUXOS INTERTERRITORIAIS OCULTOS

Nombre: Turnes Abelenda, Juan Alberto

Universidad: Universidad de Santiago de Compostela

Departamento: Escuela de Doctorado Internacional en Artes y Humanidades, Ciencias Sociales y Jurídicas de la Universidad de Santiago de Compostela

Fecha de lectura: 13/07/2018

Programa de doctorado: Programa de Doctorado en Economía y Empresa por la Universidad de Santiago de Compostela

Dirección:

> **Director:** XAVIER VENCE DEZA

Tribunal:

> **presidente:** Santiago Iago Peñas

> **secretario:** ÓSCAR RODIL MARZÁBAL

> **vocal:** M. TERESA VILALTA FERRER

Descriptor:

> POLITICA FISCAL Y DEUDA PUBLICA

> ESTUDIOS DE DESARROLLO ECONOMICO

> TEORIA FISCAL

El fichero de tesis ya ha sido incorporado al sistema

> 414978_1130428.pdf

Localización: BIBLIOTECA XERAL USC

Resumen: A crise actual implica unha nova configuración das relacións económicas entre diferentes áreas xeográficas así coma tamén, unha intensificación do proceso de concentración e centralización da actividade económica. Ao mesmo tempo, o novo marco de restrición orzamentaria esixe unha menor solidariedade interrexional do que se deriva, un aumento da desigualdade xeográfica e un proceso de integración económica mais feble.

Como consecuencia de todos estes feitos, xurde a necesidade de analizar o proceso de inserción económica en áreas economicamente abertas e como este proceso vai definindo a estrutura produtiva, en especial daquelas rexións menos desenvolvidas.

A tese de doutoramento que se levará a cabo, afonda nesta temática e analiza a inserción da economía galega en España e a UE dende finais da década dos noventa ata o período actual, co obxectivo de poder comparar ao mesmo tempo dúas subetapas económicas; unha de forte expansión e outra de gran contracción. Así pois, o

que se procura con este exercicio é realizar unha aproximación á balanza fiscal e os fluxos financeiros de Galicia co resto do Estado, ao mesmo tempo que se engade, co obxectivo de ampliar e facer mais rigorosa a información proporcionada, un estudo sobre o comercio interrexional e internacional de Galicia.

A presente tese ten por obxectivo xeral, estudar as relacións de fluxos fiscais directos e indirectos que se dan entre Galicia e a Administración Central.

A análise dos fluxos fiscais directos realízase a través da elaboración da balanza fiscal de Galicia para o período 2002-2013. Ao mesmo tempo, a construción da balanza fiscal de Galicia contextualízase incorporando outros fluxos que resultan claves para obter unha maior e mellor dimensión das relacións económicas da Comunidade Autónoma coa Administración Central e co resto dos territorios. Tales fluxos comprenden o comercio interrexional galego e as relacións entre crédito e aforro.

Por outra banda e sendo a principal novidade que aporta o traballo no campo da investigación onde se encadra e co obxectivo de analizar os fluxos indirectos, lévase a cabo a cuantificación dos fluxos interterritoriais ocultos que derivan do gasto público promovido polo o Estado en Galicia, en concreto, do gasto executado en obra pública. Isto é, cando o Estado realiza un gasto nun determinado territorio, en particular unha infraestrutura, xéranse diferentes activos que teñen efectos positivos, tanto no territorio onde se executa a obra como no territorio onde se localiza a sede da empresa beneficiaria da mesma.

A partir deste punto, a tese adquire unha maior dimensión, que vai mais alá do cálculo do saldo da balanza fiscal e que nos permite facer unha análise mais ampla da política de gasto público e dos fluxos económicos entre territorios e en xeral, do proceso de descentralización política e fiscal que se levou a cabo no Estado español dende a década dos oitenta ata a actualidade e do seu impacto sobre o modelo de desenvolvemento económico dos diferentes territorios.